



Miña sogra cando reñe  
ponse no medio da casa,  
/: da patadas ás paredes :/  
hasta i-as niscas abrasa.

O cantar do abião  
é un cantare que nunca acaba  
empeza co trailalila  
i acaba co trailalala.

Miña mai a mala túa  
van xuntas á remería,  
a túa vai con lelliño  
i a miña vai coa faldriña.

Miña mai cando reñe  
ponse no medio da casa,  
dá patadas ás paredes  
hasta todos escapaban.

Ben cho dixen, Maruxiña,  
qu' eu lavaba no righeiro,  
cnocinte no cantar-e  
seguinte polo carreiro.

O meu amor foi e dixo  
que eu por el que no chorase  
/: que non lle dera más pena :/  
que non a mortificase.